

Autor: **VLADIMIR NABOKOV**

Tradución: **XESÚS FRAGA**

Deseño: **MARC TAEGER**

Encadernación rústica. Caixón de Narrativa  
 448 páxinas. 14,5x21 cm.  
 ISBN 978-84-96957-37-4

Prezo: 20 €

# LOLITA

**A porta do baño iluminado estaba entornada; ademais diso, un resplandor esquelético chegaba dende as lámpadas de fóra a través da persiana veneciana; estes raios entrecruzados penetraban a escuridade do dormitorio e revelaron a seguinte situación: vestida cun dos seus vellos camisóns, a miña Lolita estaba deitada de lado, dándome as costas, no medio da cama.**



De todas as novelas deste autor, "Lolita" é a máis completa, fascinante e controvertida. Despois de marchar de Rusia e do seu exilio en Berlín, Nabokov trasládase a Estados Unidos, onde se afai á nova vida dun país ao que acabará retratando ironicamente nesta novela. Máis aló da historia na que un home de mediana idade se namora perdidamente dunha rapaza nova ata o punto de perder o tino, mesmo máis aló do relato erótico, está o retrato dunha sociedade autocompracente.

Pero "Lolita" tamén é unha novela que ofrece moitos niveis de lectura, escrita cun estilo narrativo pracenteiro e asequible, na que destaca a súa atractiva galería de personaxes. A obra, publicada por primeira vez en 1955, saíu á luz nunha editorial francesa e axiña foi tachada de pornográfica polos críticos e moralistas da época; tamén estivo prohibida en Gran Bretaña, pero en Estados Unidos converteuse nunha obra clásica trala súa publicación en 1958. Ao seu éxito tamén contribuiu a adaptación cinematográfica de Stanley Kubrick, con guión do propio Nabokov.

A súa riqueza lingüística, con abundancia de xogos verbais, semánticos e fonéticos, constitúe todo un desafío para calquera tradutor. Xesús Fraga aposta por non facer unha reescritura da novela, senón por achegala ao galego respectando a visión lúdica que o autor tiña da linguaxe, xunto coa expresión da personalidade do narrador e da protagonista. As súas innumerables referencias, dende a Grecia antiga aos anuncios das estradas na América dos anos 40, invitan a unha lectura intelctualmente rica e argumentalmente apaixonante.

**VLADIMIR NABOKOV** (San Petersburgo, 1899 - Suiza, 1977)

Comezou a escribir as súas primeiras novelas en ruso, pero a fama internacional acadouna coa súa produción literaria en inglés. A súa vida estivo marcada polo exilio en Alemaña, a partir de 1919, debido ao temor da súa familia polo bolchevismo. Posteriormente ingresou na Universidade de Cambridge. Chegou a Estados Unidos en 1940, procedente de Francia e fuxindo da II Guerra Mundial; cinco anos despois obtivo a nacionalidade norteamericana. A súa novela sobre xadrez, "A defensa de Lúzin" (1930) consagróuno como un dos principais valores da xeración de escritores emigrados de Rusia. A súa primeira obra en inglés, "Barra sinistra", publicouse en 1947. Con novelas como "Pnin" (1957) e "Pale Fire" (1962) conseguiu ser recoñecido como unha das figuras máis importantes do panorama literario universal. En 1959 estableceuse en Suiza, onde viviu ata o seu pasamento.